BO DÍA

Yasujiro Ozu, 1959

1862

ESTREA EN NUMAX: 21.11.2026 | V.O.S.E. | 93 min

Xapón, anos 50. Como todos os días, os membros dunha familia dispóñense a afrontar os seus problemas, soños e realidades. O pai, cos altibaixos do seu traballo e as esixencias que impón a educación dos seus fillos. A nai, administrando os ingresos familiares e atendendo ás múltiples complicacións da vida doméstica. E os fillos obsesionados por ter unha televisión na casa, e un deles enfrascado nos seus estudos e angustiado por un defecto físico.

«Un estudo amable e vibrante da vida cotiá e un tratado enxeñoso e sabio da importancia da comunicación»
David Parkinson, RADIO TIMES

Título orixinal: Ohayô
Ano: 1959
Duración: 93 minutos
Idioma orixinal: Xaponés
Dirección: Yasujiro Ozu
Guión: Yasujiro Ozu, Kogo Noda
Elenco: Chishu Ryu, Kuniko Miyake, Yoshiko Kuga, Koji Shidara, Masahiko Shimazu, Keiji Sada, Haruo Tanaka, Haruko Sugimura
Montaxe: Yoshiyasu Hamamura
Son: Yoshisaburo Senoo
Música: Toshiro Mayuzumi
Fotografía: Yuharu Atsuta
Produtora: Shôchiku (Xapón)
Distribuidora: A Contracorriente Films



BO DÍA

Yasujiro Ozu, 1959

EUROPA CINEMAS
Creative Europe MEDIA

Un fermoso filme sobre a infancia

Por Francesco Capurro

26 anos despois de *Nacín pero...* (1932), Ozu mergúllase unha vez máis no mundo da infancia para observar mellor a vida do seu tempo, a súa época e a xente que a habitaba. Pero mentres tanto, todo no Xapón mudara. Despois de Hiroshima e Nagasaki, a reconstrución incriblemente rápida foi impulsada polo diñeiro estadounidense. Occidente, que antes da guerra xa fora soñado e imitado na música, a moda e o cinema (particularmente o de Ozu), parecía que en 1959 se convertera non só nunha alternativa á vida tradicional, senón nunha nova norma. Con todo, a pesar disto, a dirección de Ozu toma o seu propio camiño. O director parece estar buscando unha forma de organizar o espazo e o tempo que lle permita representar o que queda do modo de vida e de pensamento xaponés.

Con *Bo día*, xa non escolle contar a historia dunha soa familia, senón que opta por un relato coral dun barrio onde casas pequenas e idénticas albergan familias modestas, que loitan cos tempos cambiantes. Non é casualidade que un lugar central na película estea reservado para as mulleres, as verdadeiras matriarcas destes lugares. Ozu comprácese en representar as relacións veciñais, nas que os celos, o resentimento e os dixomedíxome conforman o pano de fondo humorístico e, en última instancia, inofensivo das súas vidas. Este movemento dá ritmo a unha narrativa que se despraza de fogar en fogar para percibir o que se agocha detrás dos habituais "bos días" que os adultos intercambian cando se atopan.

Sobre o tatami, Ozu volve escenificar un conflito xeracional: aquí é a televisión, a recén chegada, a que divide e enfronta pais contra fillos. Minoru e Izamu, cuxos pais se negan a mercarlles o artigo desexado, deciden facer "folga" e deixar de falar. Este simple pretexto permítelle a Ozu volver ao cinema mudo e ao humor bufonesco xa presente en *Nacín pero...*, un aspecto menos destacado nas súas tramas máis "serias". A cámara fixa delinea o espazo, transformando cada plano nunha escena case teatral, onde os dous rapaces ao estilo Chaplin xogan. A fala é silenciada, pero o son permanece. A música serena impregna a película dunha atmosfera case máxica, e os peidos, xunto coa diarrea nos seus pantalóns, contribúen a revelar a ironía insospeitada e algo crúa de Ozu, que non obstante segue sendo sutil.

Pero *Bo día* é algo máis que unha comedia lixeira sobre o cambio de costumes. O que a fai tan única é que cando chega a televisión —un obxecto desexado ao longo da película e a razón mesma da súa loita— os nenos a abandonan. Remataron a súa folga, volveron xogar, van para a cama e ao día seguinte marchan para a escola, deixando a desexada caixa en primeiro plano. Por que non aproveitan o seu novo tesouro? Que pretendían conseguir ao ficaren mudos? Quizais simplemente para facerse entender, pero dun xeito diferente. A alegría dos dous irmáns pequenos ao final parece xustificada polo feito de que finalmente foron comprendidos polo seu pai. A televisión era claramente só un pretexto. Minoru e Izamu poden seguir xogando; depende dos demais atopar a súa propia maneira de facerse entender. E esperemos que a irmá e o profesor de inglés o consigan: como poderán declararse o seu amor se permanecen no andén falando do tempo?

Publicado en iletaitunefoislecinema.com

Na libraría
NUMAX
numax.org/libraría

La poética de lo cotidiano,
Yasujiro Ozu.
Gallo Nero